E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinteunha horas cincuenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio 183, do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 0361185, ata a volta do folio 191, Serie A nº 0361193, de todo o que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE **O SECRETARIO ACCTAL.**

AMADO RICON VIRULEGIO BERNARDO SOTO LOPEZ

SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA 26 / NOVEMBRO DE 1.996

S U M A R I O

1.- APROBACION, NO SEU CASO, DAS ACTAS DAS SESIONS DO 29 DE XULLO, 9, 27 E 28 DE AGOSTO, E 30 DE SETEMBRO DE 1996.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DICTADAS POLA ALCALDIA DENDE A ULTIMA SESION.

SECRETARIA XERAL:

3.- DAR CONTA DE SENTENCIA DA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA RECAIDA NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 02/0004436/1994.

URBANISMO, VIAS E OBRAS:

4.- APROBACION DEFINITIVA ESTUDIO DE DETALLE NA RUA JUAN MANUEL PEREIRA.

5.- CORRECCION DE ERROS NO DOCUMENTO DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE AMBITO MUNICIPAL.

Pola presidencia ábrese o correspondente turno de debate.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. Pazos Docampo, por este maniféstase que o BNG xa tén un representante na citada Mancomunidade e que non pensa cambialo, a pesar do cambio no equipo do grupo de goberno deste Concello de Redondela.

Neste intre, auséntase do Salón de Sesións o Concelleiro Sr. Pazos Docampo.

Concedida a palabra pola presidencia ó Concelleiro Sr. González Iglesias, por este sinálase que quen nomea' os representantes deste Concello no Pleno da Mancomunidade é o Pleno do Concello de Redondela, e que o Sr. Alcalde tiña que traer a este Pleno o cese dos antigos representantes do Concello na Mancomunidade e unha proposta cos novos representantes, e pide que este asunto quede pendente Sobre a Mesa.

Polo Sr. Presidente faise súa a proposta do Concelleiro Sr. González Iglesias, de que este asunto quede pendente Sobre a Mesa, o que somete á consideración de tódolos demáis Concelleiros presentes nesta sesión.

Este Concello Pleno, por unanimidade de tódolos Sres. Concelleiros presentes neste intre na presente sesión, acorda que o presente asunto quede pendente Sobre a Mesa.-

E, non sendo outro o obxecto desta sesión, pola Presidencia levántase a mesma, sendo as vinteunha horas e corenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende o folio 179 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 0361181, ata o folio 183, Serie A nº 0361185, de todo o que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE **O SECRETARIO**

AMADO RICON VIRULEGIO LUIS TORRADO VAZQUEZ